

PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE DE COPIAS DE EXAMES E DE DETERMINADOS DOCUMENTOS POR PARTE DE PAIS, NAIS, TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DO CENTRO

O dereito a acceder a ditos documentos e a obter copia dos mesmos, está regulado e recoñecido no artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (DOG do 2 de outubro) que establece "... *Asimismo, también tendrán derecho [los interesados] a acceder y obtener copia de los documentos contenidos en los citados procedimientos*". O que segue é o procedemento que ordene e asegure este dereito.

1. Os pais, nais, tutores/as legais deberán solicitar entrevista co/a titor/a correspondente, quen lle transmitirá a información pertinente.
2. A continuación deberán solicitar entrevista co/a profesor/a da materia na que non estean de acordo coa nota do exame para que lle sexa ensinado polo/a mesmo/a e explicada a nota de avaliación, segundo os criterios establecidos polo departamento correspondente para esa materia
3. Feitos os dous pasos anteriores, poderán solicitar por escrito unha copia do exame, indicando o motivo de dita solicitude e facéndose responsables do que poida suceder con esa copia. O impreso para a solicitude pedírase nas oficinas de administración, onde serán cubertas polos/as que o soliciten, e irán dirixidas á atención da dirección como máxima autoridade.

4. Soamente poderase pedir unha copia de exame por solicitude, é dicir, que se queren copias de dous o máis exames da materia por curso, terán que cubrir unha instancia por cada un deles. E o mesmo sucede se son de materias diferentes. A copia do exame terá rexistro de saída e a persoa que a recolle deberá asinar o correspondente “recibín” co relación das copias dos documentos que se entregan.
5. A resposta a esa petición non se dará no momento da súa presentación, senón que se establecerá un prazo de 3 días hábiles, para poder recoller a/as copia/as solicitadas.
6. As solicitudes, o recibín e copias dos exames entregados serán arquivadas na secretaría do centro.